

CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS SECUNDARIA (ABRIL)

DATA	HORA	LUGAR	CENTRO	GRUPO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO RECOMENDADO
Luns 23	12:00 h	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía de Castro	Rosalía 3	Oráculos	50 min	ESO e Bacharelato
Luns 23	12:45 h	IES Xelmírez I	IES Xelmírez I	Vai no dentista	Pasaxeira 612	45 min	ESO e Bacharelato
Martes 24	12:00 h	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía de Castro	Rosalía 1	Pedraloira	45 min	ESO
Martes 24	12:45 h	IES Xelmírez I	CPI dos Dices	Teatro do Porviso	Romeo e Xulieta	1 h 10 min	Todos os públicos
Mércores 25	10:30 h	IES Xelmírez I	IES Antonio Fraguas	Tantometín	Presas	1h 10 min	4º ESO e Bacharelato
Mércores 25	12:00 h	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía de Castro	Rosalía 2	De catro en catro	45 min	ESO e Bacharelato
Xoves 26	10:30 h	IES Xelmírez I	IES Antonio Fraguas	IES Antonio Fraguas	Cantiaga da Rúa	1h 45 min	2º ESO en diante
Venres 27	10:30 h	IES Xelmírez I	IES Eduardo Pondal	Grupo de Teatro IES Eduardo Pondal	A discoteca	60 min	ESO e Bacharelato
Venres 27	12:00 h	IES Rosalía de Castro	CPI Vedra	Aula de teatro do CPI Vedra	Rúa dos Soños	50 min	Todos os públicos

CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS PRIMARIA (ABRIL)

DATA	HORA	LUGAR	CENTRO	GRUPO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO RECOMENDADO
Mercres 25	10:30 h	Escola de Maxisterio	CEIP López Ferreiro	Máscara	O s pillabáns	15 min	Todos os públicos
Mércores 25	11:00 h	Escola de Maxisterio	Colexio San Jorge	Máscaras de Teatro	Acabouse o conto de fadas	30 min	Todos os públicos

O Xurado estará integrado polo alumnado asistente e por profesionais do teatro.

SALÓN DE ACTOS DOS INSTITUTOS
ROSALÍA DE CASTRO E XELMÍREZ I
OS DÍAS 23, 24, 25, 26 E 27 DE ABRIL DE 2012

SALÓN DE ACTOS DA ESCOLA DE MAXISTERIO
O DÍA 25 DE ABRIL DE 2012

Organizan:
COORDENADORA DE EQUIPAS DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E O DEPARTAMENTO
DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO



XVII Certame de Teatro Intercentros de Compostela e comarca



AS OBRAS PREMIADAS REPRESENTARANSE NO
TEATRO PRINCIPAL
OS DÍAS 21 E 28 DE MAIO DE 2012 ÁS 20 HORAS

Centro: IES Rosalía de Castro
Nome do grupo: Rosalía 1
Obra: *Pedraloira*

Persoa encargada do grupo: Jose Arca

Profesor. Especialidade: Turismo

Sinopse: Obedecendo unha vez máis o encargo das fadas, Hans encamiñase esta vez, coa súa muller e filla, cara o mercado de Pedraloira. Alí deberán mercar un mapa que lles axude a atopar a cidade sen fronteiras, na que a xente vive en paz, sen medo a que lle prohiban entrar ou saír. As fadas guíaranos por un camiño no que irán atopando diferentes personaxes cos que vivirán aventuras inesquecibles.

Centro: CEIP López Ferreiro
Nome do grupo: Máscara
Obra: *Os Pillabáns*
Persoa encargada do grupo: José Ramón Carril, profesor do centro
Sinopse: Un neno quere xuntarse cos rillotes da vila para roubar froita na eira do señor abade.

Centro: Colexio San Jorge
Nome do grupo: Máscaras de Tetro
Obra: *Acabouse o conto de fadas*
Persoa encargada: Antón Ferrari Soage, monitor de teatro, diplomado en Arte Teatral
Sinopse: Que pasaría se as princesas vivisen na actualidade e non nun tempo e nun país moi

moi lonxano. Que pasaría se os príncipes azuis desexasen vestir doutra cor. E se son uns falcatrueiros insufribles con pouca disciplina? Que farían os seus pais e as súas nais ante tal rebelión? Pois chamar as bruxas malvadas para que os poñan en verea.

Para as nais e pais do colexio San Jorge as cousas están claras: *Acabouse o conto de fadas*

Aínda que non todo sairá como tiñan previsto.

Centro: CPI de Vedra
Nome do grupo: Aula de teatro do CPI de Vedra
Obra: *Rúa dos soños*
Persoa encargada do grupo: Afonso García, profesor do centro e director de Metátese Teatro
Sinopse: RÚA DOS SOÑOS é un canto cromático ao compañeirismo, ao respecto ao diferente e á solidariedade. Unha obra rebordante de colorido protagonizada por adolescentes que, fartos de imposicións absurdas, principian un camiño iniciático na procura de novos horizontes. Tras partir dunha situación de insatisfacción, estes novos habitantes do século XXI insírense nunha travesía de inspiración acumulativa e circular na que abordarán diferentes eixos temáticos: a pobreza, o cambio climático, as organizacións non gobernamentais, a inmigración, o complexo espertar no universo do amor, a violencia, o consumismo, o futuro das novas xeracións...

Un canto á liberdade e á liberación dos prexuízos; un divertido xogo onde a imaxinación xoga un papel chave e unha alegación emotiva e reivindicativa das inqedanzas do mundo adolescente que reterá a ollada do público durante todo espectáculo.

Centro: CPI dos Dices - Rois
Nome do grupo: Teatro do Porviso
Obra: *Romeo e Xulieta*
Persoa encargada do grupo: Loly Santos, profesora de Música

Sinopse: Esta é a historia de dous corazóns namorados, Romeo e Xulieta, que teñen prohibido amarse polo odio que hai entre as súas familias. O Teatro do Porviso interpreta a súa propia versión da historia dos amantes de Verona, na que o baile e a música están presentes para enfatizar os momentos máis cómicos, violentos e románticos da obra de Shakespeare, que vai compartir escenario coas composicións de Queen, Michael Jackson, Joaquín Sabina, Amaral, Danza Invisible, Tequila, e Los Piratas.

Centro: IES Antonio Fraguas
Nome do grupo: Tantometén
Obra: *Presas*
Persoa encargada do grupo: Gustavo G. Dieste
Sinopse: Na España franquista dos anos 40, nunha imaxinaria pero moi posible prisión, once mulleres, presas e carcereiras, padecen o frío e a humi-

dade do lugar, pero sobre todo, das súas propias almas, combativas, rotas, decepcionadas, resignadas... O temor e a compaixón aparecen intimamente mesturados coa iniquidade e a represión máis absoluta. O que ocorre en Presas podería ter sucedido nun tempo felizmente pasado, pero non fai tantos anos. Esta é unha homenaxe a tódalas mulleres que nalgún momento se alzaron ou claudicaron ante a represión e a inxustiza do mundo no que lles tocou vivir, polo simple feito de ser muller. A elas, para que nunca volva suceder.

Centro: IES Eduardo Pondal
Nome do grupo: Grupo de Teatro do IES Eduardo Pondal
Obra: *A discoteca*
Persoa encargada do grupo: Miguel Vázquez Freire
Sinopse: Varios rapaces e rapazas atópanse na discoteca, alí falan de moitas cousas.

Centro: IES Rosalía de Castro
Nome do grupo: Rosalía 2
Obra: *De catro en cantro*
Persoa encargada do grupo: Jose Arca
Profesor. Especialidade: Turismo
Sinopse: Para cobrar o premio do duque de Cuellar, outorgado aos primeiros cuadrixemelgos do país, as catro fillas de Maximina teñen que contraer matrimonio. O día da voda non vai ser precisamente tranquilo: “Esta casa nunca foi moi ordenada pero hoxe está

imposible”. Un asasino preséntase na casa co propósito de impedir os casamentos, pois os noivos agochan un segredo que anularía os enlaces.

Centro: IES Rosalía de Castro
Nome do grupo: Rosalía 3
Obra: *Oráculos*
Persoa encargada do grupo: Jose Arca
Profesor. Especialidade: Turismo

Sinopse: Por mor dunha profecía Layo non quere ter fillos, pois o oráculo prognosticoulle que atoparía a morte a mans do seu herdeiro. O destino non se pode evitar, froito dunha noite de paixón nace Edipo. Este nacemento desencadeará unha serie de infortunios que someterá á cidade de Tebas e aos seus habitantes a innumerables desgrazas. Toda a caste de Edipo pagará a furia dos Deuses.

Centro: IES Antonio Fraguas
Nome do grupo: Grupo de Teatro do IES Antonio Fraguas
Obra: *Cantiga da rúa*
Persoa encargada do grupo: Profesorado de Artes Escénicas
Sinopse: O musical está inspirado na historia dos irmáns Grimm (Os músicos de Bremen). Pretendemos facer un paralelismo entre os trotamúsicos e un grupo de rapaces e rapazas de diferentes nacionalidades que pretende buscar un camiño na vida.

Aos animais do conto queren sacrificarlos os seus donos porque están vellos e non poden traballar. Ao mesmo tempo a sociedade actual cualifica á xente nova como NI-NI, non serven para nada. Están apartados da sociedade. Non teñen traballo, nas súas casas non teñen cabida, deciden percorrer o mundo... a denominada XERACIÓN PERDIDA!!! A viaxe, no canto de ser a Bremen será a Santiago. Esta xeración son xente nova de todo o mundo que está a facer o camiño tentando atopar respostas. Atoparán un obxectivo común... A INDIGNACIÓN !!!

Centro: IES Xelmírez I
Nome do grupo: Vai no dentista
Obra: *Pasaxeira 612*
Persoa encargada do grupo: Dani Baamonde
Sinopse: Trátase dunha adaptación da obra de Saint-Exupéry, O Principiño; no noso caso é a protagonista unha princesiña, que parte un bo día do asteroide onde vive, e onde todo lle é tan familiar, para comezar unha viaxe mediática, buscando fuxir das queixas da súa compañeira, unha rosa, e explorar novos mundos. Remata a súa viaxe no Planeta Terra, onde coñece a personaxes diversos, que a fan meditar e recoñecer a riqueza da que era dona no seu planeta. A obra, ao igual que o libro no que se basea, reflicte a estupidez dos adultos fronte á cándida e inocente sabedoría dos nenos.